

Unha mostra didáctica repasa a produción de videoxogos en galego

A Universidade de Vigo pon na rede este proxecto que visitará institutos da provincia de Pontevedra

📅 3/10/2025 / 👤 Santiago. Redacción / 📁 audiovisual (tematica.php?tematica=audiovisual)
/ 📁 videoxogos (tematica.php?tematica=videoxogos) / 📁 lingua (tematica.php?tematica=lingua)

3
Veces
compartido

Compartir

Twitrear

Compartir

Compartir

Dar conta dos videoxogos que están dispoñibles na nosa lingua, tanto por se teren elaborado no noso país como por contar con traducións. Esta é a proposta de *O videoxogo en galego*, exposición que abría as súas portas este 1 de outubro no IES Politécnico de Vigo e que percorrerá diferentes centros de ensino secundario da provincia de Pontevedra.

A mostra, que está dispoñible en liña, é unha iniciativa do Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo comisariada por Óscar Ferreiro Vázquez, Ramón Méndez González e José Yuste Frías. O proxecto fai un percorrido por 28 títulos dispoñibles no noso idioma, desde éxitos internacionais como *Minecraft* a proxectos como o *Wordle*. Canda a estes, títulos históricos realizados no noso país como *O misterio das 7 pezas*, *The Waylanders* ou *A aventura máxica de merliño*.

exposición itinerante
O videoxogo en galego



Para alén dos paneis físicos, a mostra combina pezas expositivas físicas e dixitais, materiais informativos e un catálogo divulgativo interactivo dispoñible a través dun código QR. A súa presenza nos centros complementarase con obradoiros, charlas e unha narrativa interactiva "deseñada para traballar aspectos culturais e lingüísticos de forma lúdica e creativa", segundo sinala a organización.

Ligazóns

🔗 Presentación de *O videoxogo en galego* no web da Universidade de Vigo
(<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/mostra-videoxogo-galego-percorrera-os-institutos-amosando-importancia-deste-sector-dinamizacion>)

🔗 *O videoxogo en galego* en pdf (<https://paratraduccion.com/doctorado/o-videoxogo-en-galego/>)

HOXE NA NOSA EDICIÓN

([noticia.php?id=](#))



culturagalega

[Inicio \(index.php\)](#) / [Axenda](#) / [Lg3](#) / [Mega](#) /
[Ciencia](#) / [Arte](#) / [Ciencia](#) / [Banda deseñada](#)

Consello da Cultura Galega.

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela
(Galicia)

Tfno: 981957202 | Fax: 981957205 | e-mail:

redaccion@culturagalega.org

(<mailto:redaccion@culturagalega.org>).

[RSS \(rss.php\)](#) | [Aviso legal \(noticia.php?id=14726\)](#) | [O](#)

[equipo do portal \(noticia.php?id=14727\)](#) | [Licenza de uso](#)
([noticia.php?id=14728](#))

